



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CPI “ANTONIO ORZA COUTO”
Forte – Boqueixón
Tel. 881866781 - Fax. 881866789- Email: cni.antonio.orza.couto@edu.xunta.es



CPI Plurilingüe
Antonio Orza Couto

ANEXO VI

“PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO”

VERSIÓN SETEMBRO 2021

CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO

ÍNDICE

PROCEDEMENTO DE MANEXO DO CASO SOSPEITOSO.....	3
PROCEDEMENTO DE MANEXO DO CASO CONFIRMADO E SEGUIMENTO DOS CONTACTOS.....	7
ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....	13
PLAN ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO DESENVOLVEMENTO DO ENSINO VIRTUAL.....	20
MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.....	26

O Plan de Continxencia do centro educativo Antonio Orza Couto ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

1. PROCEDIMENTO DE MANEXO DO CASO SOSPEITOSO

Abordaxe do caso sospeitoso cando está fora do centro educativo (ANEXO1)


Tanto os alumnos/as, como o persoal docente, persoal non docente e os conviventes deberán realizar diariamente a “Enquisa de autoavaliación clínica do Covid-19”, na que se valoran os síntomas que se presentan con maior frecuencia na Covid-19 (febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, odinofaxia e diarrea), o que permitirá detectar precozmente a sospeita de ter infección por SARS-CoV-2.

De presentar calquera destes síntomas non deberán acudir ao centro escolar, informar ao centro educativo e facer obrigatoriamente illamento.

Así mesmo, poñeranse en contacto en 24/48 horas co seu centro de saúde ou consultorio médico para solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua, se non conseguise contactar pode chamar ao 881002021. No caso de sintomatoloxía grave ou dificultade respiratoria severa e de inicio brusco, chamará ao servizo de urxencias/061. Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso, que deberá seguir as indicacións do persoal sanitario correspondente.

Para documentar a ausencia por cuestións sanitarias derivadas da Covid-19 non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

ANEXO I



Abordaxe do caso sospeitoso cando está no centro educativo (ANEXO 2)

Os alumnos/as, personal docente, personal non docente que presenten sintomatoloxía compatible coa Covid-19 estando no centro educativo (febre maior de 37,5°C, tose

seca, dificultade respira - toria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, odinofaxia e diarrea) serán considerados casos sospeitosos de infección por SARS-CoV-2, e deberán ser trasladados, á sala habilitada para o illamento con máscara cirúrxica, e acompañados dun profesor que tamén levará máscara cirúrxica. Como excepción, a persoa acompañante utilizará bata desbotable, máscara tipo FFP2 xunto cunha pantalla, no caso de que o alumno estea exento do uso da máscara por xustificación médica ou se trate dun/ha alumno/a de entre 3 e 6 aos, sen obrigatoriedade do uso da máscara. Esta sala de illamento deberá ter unha ventilación axeitada e estar provisto de xel hidroalcohólico, panos desbotables e papeleira de pedal.

Contactar co responsable do “Equipo COVID do Centro Educativo”.

Simultaneamente, o responsable de este equipo, deberá informar da situación a familia ou persoa de referencia, que deberá presentarse no centro a maior brevidade posible para levalo ao seu domicilio.


A continuación, a familia, persoa responsable ou o propio paciente (se está en condicións) poñerase en contacto telefónico co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua. Se non conseguise contactar pode chamar ao 881002021. No caso de sintomatoloxía grave ou dificultade respiratoria severa de inicio brusco, chamará ao servizo de urxencias/061.

A persoa con síntomas compatibles coa Covid, considerase caso sospeitoso e deberá permanecer illado no seu domicilio ata dispoñer dos resultados das probas diagnósticas. Tamén permanecerán no domicilio os irmáns/as do caso sospeitoso escolarizados no mesmo centro ata o resultado das probas, por ser contactos familiares conviventes.

Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

COVID-19
CIRCUÍTO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO DE INFECCIÓN ACTIVA POR SARS-CoV-2
DUN ALUMNO/PERSONAL DOCENTE/PERSONAL NON DOCENTE NO INTERIOR DO CENTRO EDUCATIVO

ANEXO 2



2. PROCEDIMIENTO DE MANEXO DO CASO CONFIRMADO E

SEGUIMIENTO DOS CONTACTOS (ANEXO3)

No caso da confirmación diagnóstica dun caso de Covid-19 os profesionais sanitarios de atención primaria poñeranse en contacto co paciente ou a súa persoa de referencia (pai, nai, titor, ...) para informarlle do resultado positivo das probas, realizar o seguimento clínico e facer fincapé nas medidas hixiénicas e de illamento. Ademais, se as condicións socio-sanitarias o permiten, e o paciente ou a persoa responsable da o seu consentimento, serán incluídos na plataforma TELEA para o seguimento do paciente de forma telemática dende o domicilio do paciente.

A denominada central de seguimento de contactos (CSC) poñerase en contacto coas persoas de referencia (pais de menor de idade, titor, ...) ou directamente no caso dos alumnos maiores de idade, para a identificación do centro de ensino. No caso do persoal docente e non docente, deberán ser identificados como profesionais do ámbito educativo e en que centro traballan.

Unha vez localizado o centro de ensinanza, enviarase a listaxe de confirmados ao “Equipo COVID centro educativo” (ECCE), a través da aplicación “EduCovid”, xunto coa solicitude de que lle envíe a listaxe de contactos estreitos do centro escolar.

Para elaborar esta listaxe o ECCE definirá a “**Rede de contactos**” de cada alumno/a confirmado que incluírá: compañeiros de clase, de comedor, de transporte, profesorado e outros (coma os recreos, etc...).

Unha vez definida a rede de contactos polo ECCE, este poñerase en contacto coa Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da provincia correspondente, para concretar quen son os contactos estreitos.

O período a considerar é dende 2 días antes do inicio de síntomas do caso ata o momento en que o caso é illado. Nos casos asintomáticos diagnosticados por proba diagnóstica de infección activa por SARS-CoV-2 (PDIA), os contactos buscaranse dende 2 días antes da data da realización da toma de mostra para o diagnóstico.

A continuación o ECCE enviará a listaxe final de **contactos estreitos** á CSC, a través da aplicación Educa-COVID. Lembrar a obrigatoriedade de extremar a confidencialidade profesional acerca da información do menor.


A ECCE tamén informará ao “Equipo COVID escola” do seu centro de saúde de referencia da presenza dun caso positivo.

Quen conforma a rede de contactos nos centros educativos?



A definición da rede de contactos nos centros educativos establecece por aquelas persoas situadas a menos de 2 metros da persoa Covid positivo. Esta labor é a establecida para os Equipos Covid dos centros educativos.



1. **No caso do transporte escolar:** establecerase un radio de 2 metros para a identificar a rede de contactos de cada un dos/as alumnos/as



2. **No caso de aulas, laboratorios, comedores e outros espazos:** adoptarase o mesmo criterio do radio de 2 metros arredor da persoapositiva.



Quen identifica os contactos estreitos nos centros educativos?

A identificación dos contactos estreitos implica a avaliación individualizada doutras variables como o uso correcto da máscara, entre outros. **Só a Autoridade Sanitaria (neste caso a Xefatura Territorial) pode identificar os contactos estreitos e decretar a corentena dos individuos.**

Os criterios xerais do Servizo Galego de Saúde para a identificación dos contactos estreitos son os seguintes:


1. **No primeiro ciclo de educación infantil**, entenderase contacto estreito a todas as persoas pertencentes ao grupo de convivencia estable, dado que neste ciclo, non hai obriga de utilización da máscara.
2. **Para os niveis do segundo ciclo de educación infantil e restantes por encima dos 6 anos**, identificarase como contacto estreito a calquera persoa que puidese compartires-pazo co confirmado a unha **distancia <2 metros** arredor do caso **durante máis de 15 minutos** salvo que se poida asegurar que se realizou un **uso adecuado da máscara**. A avaliación do uso adecuado da máscara será realizada polo profesor/titor da aula e/ou responsable COVID-19 do centro educativo.
3. **Os conviventes dos casos confirmados.**
4. **Calquera profesional do centro educativo**, profesor ou outro traballador. Que compartise espazo cun caso confirmado a unha distancia <2 metros do caso sen a utilización correcta da máscara durante máis de 15 minutos.

Unha vez recibida a listaxe, a CSC, comunicaranse coas persoas propostas como contactos estreitos e realizaralle a enquisa epidemiolóxica, seguimento telefónico e detección de casos sospeitosos.

O seguimento dos contactos realizarase ata finalizar o período de corentena.

En determinadas situacións e tras a avaliación do risco, poderán establecerse pautas de seguimento específicas ante contactos estreitos que realicen actividades consideradas esenciais. Una vez estudados os contactos e establecidas as medidas de corentena para aqueles considerados como estreitos, as actividades docentes continuarán de forma normal, extremando as medidas de precaución e realizando una vixilancia pasiva do centro.

COVID-19
CIRCUITO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO CONFIRMADO DE INFECCIÓN ACTIVA POR SARS-CoV-2
NO AMBITO EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA



3. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Establécense as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Para garantir a continuidade, o centro establecerá unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflicta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vinculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.* (VER HORARIO)

Realizaranse de xeito inmediato e periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.

As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.

O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.

Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc.. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente (departamento, equipos de ciclo) co apoio da persoa Coordinadora TIC /eDixgal quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente. Poderá contarse, para esta labor, co apoio das asesorías do Centros de Formación e Recursos (CFR) correspondente.

O mesmo día do peche:

- A dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.
- O profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientacións ás familias.

Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará coa súa labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 3 das *Instrucións do 30 de uullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 202022021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato* (Programacións didácticas).

Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

A administración educativa garantizará o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise.

Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II

ELABORACIÓN DOS HORARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ENSINO A DISTANCIA EN PERIODOS DE PECHEDO DE AULAS.

Será elaborado un horario para cada grupo de alumnos do centro a partir de 3º de primaria, que na actualidade están a seguir ensinanzas presenciais ou semipresenciais, a fin de continuar, no caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia coa debida interacción entre os alumnos do grupo e o profesorado de cada unha das áreas.

O horario será semellante ao que se está desenvolvendo na actualidade en réxime de presencialidade, respectando un mínimo do 60% da carga lectiva de cada área establecido na normativa vixente, tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos.

Os horarios aprobados provisionalmente pola dirección do centro incorporaranse ao Plan de Continxencia, comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, informados ás familias a través do/a titor/a do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro ou outro medio que garanta a recepción da información por parte das familias.

O profesorado de cada área ou materia e o alumnado do grupo deberán conectarse a través dos servizos dixitais, á hora que se establece no correspondente cadro horario diario incorporado ao Plan de Continxencia do centro.

O proceso de ensino aprendizaxe durante a formación a distancia deberá seguir as normas establecidas para o ensino presencial, coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada.

O/a titor/a informará aos pais nais ou tutores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

O/a orientador/a do centro educativo, no horario establecido pola dirección do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos tutores/as ou dos pais/nais ou tutores legais do alumnado.

A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana unha relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido, de acordo co modelo que se achega .

Na distribución horaria semanal que se estableza deberá figurar unha sesión de tutoría para alumnado, e unha sesión de tutoría para familias, nas que o/a titor/a desenvolverá as funcións que lle son propias.

Á maior brevidade posible realizarase a adaptación das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) para o desenvolvemento do actividade de ensino-aprendizaxe no ensino a distancia a fin de acadar un clima escolar idóneo que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia, o profesorado de cada área ou materia experimentará no centro cos alumnos o uso dos medios de comunicación telemática, así como a aula virtual, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia.

O/a titor/a de cada grupo de alumnado proporcionarlle información aos pais/nais ou representantes legais sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así como da aula virtual, para poder axudar ao alumnado no caso de ter que desenvolverse un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia. A información aos pais/nais ou representantes legais realizarase polo procedemento que se estime máis efectivo e preferentemente de xeito telemático.

HORARIOS PARA OS SUPOSTOS DE ENSINO A DISTANCIA

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

No caso de peche dalgunha aula por decisión das autoridades sanitarias, o horario que se aplicará para cada grupo de ESO será similar ao que se leva a cabo na modalidade presencial, co seguinte reparto:

- Ensino a través de clases telemáticas (60% da carga lectiva de cada materia).
- Tarefas a realizar por parte do alumnado sen necesidade de conexión (40% restante)

DE LUNS A VENRES	1ª SESIÓN	9:00-9:30	Clase telemática
		9:30-9:50	Realización de tarefas
	2ª SESIÓN	9:50-10:20	Clase telemática
		10:20-10:40	Realización de tarefas
	RECREO	10:40-10:55	
	3ª SESIÓN	10:55-11:25	Clase telemática
		11:25-11:45	Realización de tarefas
	4ª SESIÓN	11:45-12:15	Clase telemática
		12:15-12:35	Realización de tarefas
	RECREO	12:35-12:50	
	5ª SESIÓN	12:50-13:20	Clase telemática
		13:20-13:40	Realización de tarefas
	6ª SESIÓN	13:40-14:10	Clase telemática
		14:10-14:30	Realización de tarefas
	XANTAR	14:30-15:45	

LUNS	7ª SESIÓN	15:45-16:15	Clase telemática
		16:15-16:35	Realización de tarefas
	8ª SESIÓN	16:35-17:05	Clase telemática
		17:05-17:25	Realización de tarefas

- Os/As especialistas de PT e AL atenderán telematicamente e de forma individual(ou en pequeno grupo) ao alumnado con NEE nas sesións asignadas no seu horario habitual/presencial, adaptando o tempo de conexión ao especificado anteriormente.

- A orientadora do centro continuará realizando as súas funcións no horario establecido. En caso de ter que intervir directamente cun/cunha alumno/-a ou grupo, deberá coordinarse co/coa titor/-a do mesmo para realizar esa intervención durante a sesión de Tutoría de Alumnos/-as.

- Todo o profesorado de E.S.O. manterá no seu horario unha sesión de tutoría para as familias (hora de atención a nais/pais), que se pode consultar na páxina web do CPI (no apartado “Horarios”) na seguinte ligazón:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiontonioorzacouto/node/706>

EDUCACIÓN PRIMARIA

Horario en caso de **confinamento** dunha **aula** do centro por decisión das autoridades sanitarias en **Educación Primaria**.

O horario será similar ao que se leva a cabo na modalidade presencial, co seguinte reparto:

- Ensino a través de clases telemáticas (60% da carga lectiva de cada materia)
- Tarefas a realizar por parte do alumnado sen necesidade de conexión (40% restante)

DE LUNS A VENRES	1ª SESIÓN	9:00-9:30	Clase telemática
		9:30-9:50	Realización de tarefas
	2ª SESIÓN	9:50-10:20	Clase telemática
		10:20-10:40	Realización de tarefas
	3ª SESIÓN	10:40-11:10	Clase telemática
		11:10-11:30	Realización de tarefas
	RECREO	11:30-12:00	
	4ª SESIÓN	12:00-12:20	Plan lector
		12:20-12:50	Clase telemática
		12:50-13:10	Realización de tarefas
	5ª SESIÓN	13:10-13:40	Clase telemática
		13:40-14:00	Realización de tarefas

- As especialistas de PT e AL atenderán telematicamente e de forma individual ou en pequeno grupo ao alumnado con NEE nas sesións asignadas no seu horario habitual/presencial no tempo dedicado a realización de tarefas do alumnado.
- A orientadora do centro continuará realizando as súas funcións no horario establecido. En caso de ter que intervir directamente cun/cunha alumno/a ou grupo, deberá coordinarse co/coa titor/a do mesmo para realizar esa intervención.
- A hora de atención ás familias por parte do profesorado será os luns de 15:30 a 16.30

4. **PLAN ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO DESENVOLVEMENTO DO ENSINO VIRTUAL**

Este plan específico de actuación pretende garantir o ensino e aprendizaxe ao alumnado vulnerable, nun contexto de ensino non presencial e será incorporado ao Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos conforme ao que se indica na Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional do 2 de novembro de 2020.

O destinatario deste plan será o **alumnado en situación de especial vulnerabilidade na modalidade de ensino virtual**, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos da atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, de xeito que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

O centro educativo realizará sesións de práctica e formación coas familias e co alumnado vulnerable, de igual xeito que se realizou o adestramento na utilización das aulas virtuais con carácter xeral.

A formación do alumnado favorecerá o emprego de plataformas dixitais (Aula virtual,...) na medida das súas posibilidades e coa perspectiva da máxima normalización.

O desenvolvemento do Plan realizarase de xeito individualizado, atendendo ás necesidades do alumnado vulnerable, cunha temporalización mínima de 14 días.

Teranse en conta as seguintes casuísticas:

a) O **alumnado con NEE que traballe de xeito autónomo** seguirá as directrices especificadas no Plan de Continxencia do mesmo xeito que o resto do alumnado.

b) O **alumnado con NEE que non traballe de xeito autónomo e que conte coa colaboración das familias** para realizar as conexións telemáticas pertinentes e, desta maneira, poder recibir a docencia en liña, será atendido telematicamente e de forma individual (ou en pequeno grupo) polos/-as especialistas de PT, AL e/ou profesorado de reforzo ARCO nas sesións asignadas no seu horario habitual/presencial,

adaptando o tempo de conexión ao especificado no horario establecido no Plan de Continxencia, que se amosa a continuación:

EDUC. PRIMARIA	DE LUNS A VENRES	1ª sesión	9.00-9.30	Clase telemática (con conexión)
			9.30-9.50	Realización de tarefas (sen conexión)
		2ª sesión	9.50-10.20	Clase telemática (con conexión)
			10.20-10.40	Realización de tarefas (sen conexión)
		3ª sesión	10.40-11.10	Clase telemática (con conexión)
			11.10-11.30	Realización de tarefas (sen conexión)
		Recreo	11.30-12.00	
		P.L.	12.00-12.20	Plan lector
		4ª sesión	12.20-12.50	Clase telemática (con conexión)
			12.50-13.10	Realización de tarefas (sen conexión)
		5ª sesión	13.10-13.40	Clase telemática (con conexión)
			13.40-14.00	Realización de tarefas (sen conexión)

E.S.O.	DE LUNS A VENRES	1ª sesión	9.00-9.30	Clase telemática (con conexión)
			9.30-9.50	Realización de tarefas (sen conexión)
		2ª sesión	9.50-10.20	Clase telemática (con conexión)
			10.20-10.40	Realización de tarefas (sen conexión)
		Recreo I	10.40-10.55	
		3ª sesión	10.55-11.25	Clase telemática (con conexión)
			11.25-11.45	Realización de tarefas (sen conexión)
		4ª sesión	11.45-12.15	Clase telemática (con conexión)
			12.15-12.35	Realización de tarefas (sen conexión)
		Recreo II	12.35-12.50	
		5ª sesión	12.50-13.20	Clase telemática (con conexión)
			13.20-13.40	Realización de tarefas (sen conexión)
		6ª sesión	13.40-14.10	Clase telemática (con conexión)
			14.10-14.30	Realización de tarefas (sen conexión)
		Xantar	14.30-15.45	
7ª sesión	15.45-16.15	Clase telemática (con conexión)		
LUNS	8ª sesión	16.15-16.35	Realización de tarefas (sen conexión)	
		16.35-17.05	Clase telemática (con conexión)	
		17.05-17.25	Realización de tarefas (sen conexión)	

c) Ao alumnado con NEE que non traballe de xeito autónomo e que non conte coa colaboración

das familias para realizar as conexións telemáticas pertinentes faránselle chegar as tarefas e os materiais correspondentes por medios físicos (papel, pen-drive, etc.).

Con respecto ao alumnado vulnerable, adecuaranse as programacións didácticas ou as adaptacións curriculares, de ser o caso, para a consecución das competencias clave en todas as materias. Terase en conta o deseño de tarefas ou proxectos interdisciplinares que inclúan ao maior número de materias posibles dirixidas ao reforzo das áreas instrumentais e das competencias clave.

Para iso, será necesario que os equipos docentes de cada grupo celebren reunións de coordinación atendendo aos seguintes aspectos:

- * Establecer pautas para o desenvolvemento de tarefas ou proxectos, axustar tempos de traballo, ofrecer apoios como organizadores, guías ou videotitoriais, etc.
- * Compartir información sobre o alumnado e facer unha valoración de logros e necesidades tanto a nivel grupal como a nivel individual, aportando indicadores de seguimento.
- * Coordinar os plans de traballo, evitando a sobrecarga de tarefas.
- * Favorecer redes naturais de apoio no contorno en liña mediante traballo cooperativo entre iguais (parellas, pequenos grupos).

As responsabilidades e funcións dos diferentes profesionais para que o Plan individualizado sexa efectivo organizaranse da seguinte forma:

a) Equipos de Orientación Específicos (EOE):

- Coordinación coas xefaturas dos departamentos de orientación no asesoramento á comunidade educativa para deseñar e desenvolver o plan individualizado de ensino virtual do alumnado.
- A colaboración para a avaliación e a intervención seguirase levando de forma telemática ou telefonicamente, recollendo toda a información que sexa necesaria para o desenvolvemento das tarefas.
- Elaboración, se é procedente, de materiais de apoio, guías informativas, entre outras, sobre a forma de desenvolver os procesos de ensino e de aprendizaxe en liña, para o seu traslado aos Departamentos de Orientación das respectivas provincias.

b) Xefatura do Departamento de Orientación:

As xefaturas dos departamentos de orientación serán as responsables de coordinar as actuacións do departamento, en particular nos seguintes aspectos:

- Comprobación, xunto co profesorado titor e os equipos docentes, das situacións de especial dificultade do alumnado, asesorando sobre medidas organizativas, metodolóxicas, de reforzo educativo e, no seu caso, realizando o seguimento ou adecuación das adaptacións curriculares.
- Revisión, xunto co profesorado, do desenvolvemento e avaliación dos diferentes plans e programas tales como os programas de reforzo educativo ou a atención ao alumnado con altas capacidades intelectuais. Terase en conta o deseño de tarefas multinivel para facilitar a execución por parte de todo o alumnado.
- Asesoramento ao equipo directivo e ao equipo docente no relativo ao benestar emocional da comunidade educativa. Así como apoio emocional das familias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Deberase facilitar mecanismos e ferramentas para mellorar o benestar emocional no posible período de confinamento, illamento ou corentena, transmitindo calma e serenidade, poñendo en orde a importancia das tarefas escolares, a estabilidade emocional e a convivencia na familia.
- Seguimento do alumnado en coordinación cos equipos docentes evitando o risco de abandono escolar ou unha desconexión temporal por mor do confinamento.
- Asesoramento ao equipo docente na elaboración e posta en práctica da avaliación educativa. Teranse en conta os diferentes protocolos educativos de atención á diversidade.
- Adaptación ao horario de atención do alumnado das intervencións do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe, de xeito conxunto e coordinado co horario do profesorado, contemplando de xeito explícito como se vai levar a cabo ese apoio e intervención. Cando o profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe viñera facendo apoio na aula, realizará tamén esta función na clase en liña sempre que sexa posible, con independencia da necesidade de atención individualizada.
- Coordinación do apoio e intervención de profesionais externos en virtude de convenios, de ser o caso.
- Coordinación da intervención educativa do profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe co alumnado ao que viña prestando apoio.

- Seguimento do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que ten informe psicopedagóxico, tanto co profesorado que o atende como co propio alumnado e coas familias, tratando de asesorar sobre as medidas propostas no informe e sobre os posibles axustes que a situación require.

- Orientación nos cambios metodolóxicos derivados do confinamento e do ensino virtual. Trátase de que o profesorado poña o acento nos contidos nucleares do currículo, centrándose nos aspectos de carácter máis instrumental, deseñando actividades de meta-aprendizaxe, facilitando instrucións moi claras, dando pistas para que o alumnado busque información para realizar as tarefas, proporcionando recursos para que se autocorrixa, facilitando estratexias para a meta-avaliación, etc.

- Identificación de posibles situacións de estigmatización do alumnado e o persoal que puidese ter estado exposto á COVID-19, de cara a evitar estas situacións.

- Apoio, de ser o caso, na recuperación do vínculo escolar do alumnado desconectado do sistema.

c) Especialistas en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe:

- Coordinación co profesorado titor e co profesorado especialista na atención educativa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- Apoio directo de xeito telemático, telefónico ou calquera outro medio de comunicación co alumnado ao que estaba prestando apoio.

d) Profesorado das diferentes áreas ou materias e profesorado titor:

- Definición das tarefas e a súa temporalidade facilitando a anticipación das mesmas e tendo en conta a diversidade do alumnado.

- Fomento do contacto diario do alumnado vulnerable co grupo de iguais para facilitar a participación plena e efectiva, e de cara á mellora do seu benestar psicosocial e emocional.

e) O **profesorado de reforzo ARCO** deberá colaborar para favorecer o acceso ao currículo a través dos medios dixitais, continuando coa súa función de apoio e reforzo e en coordinación coa persoa titora e outros docentes para evitar a sobrecarga de traballo.

5.- MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe dos alumnos incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo dos alumnos, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada ○

Reorganización das quendas para o horario da comida.

2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos) Duración: 1 semana

A porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar aos alumnos na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans. ○ Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.

- Utilización do espazos e circulación dos alumnos polos corredores do centro. ○ Formar aos alumnos nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar aos alumnos das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos) Duración: 1 semana

A porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase os alumnos continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos: ○ Establecemento de criterios claros de entrada e saída dos alumnos de forma progresiva.

- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

4. Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana

A porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os alumnos coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos. ○ Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para os alumnos. ○ O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.